

**VI. ANUNCIOS****B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE VIGO**

*ANUNCIO do 7 de outubro de 2024, da Xerencia Municipal de Urbanismo, da aprobación definitiva do Plan especial de infraestruturas e dotacións para a localización da Biblioteca Pública do Estado en Vigo (expediente 18662/411).*

O Pleno do Concello de Vigo, na sesión ordinaria do 30 de setembro de 2024, adoptou o seguinte acordo:

«Primeiro. Prestar aprobación, con carácter definitivo, ao Plan especial de infraestruturas e dotacións para a localización da Biblioteca Pública do Estado en Vigo, instrumento urbanístico de iniciativa pública promovido por esta administración, redactado pola entidade Pereiro Arquitectos, S.L.P., conformado pola documentación técnica presentada no rexistro electrónico desta xerencia municipal de urbanismo o 10.4.2024 (número documento 240114152 e cOD.sOL. W1087351-2667), e o 17.9.2024 (número de documento 240279784 e cOD.sOL. W1166157-9881) actualizada e refundida, e que inclúe a documentación preceptiva en soporte dixital, asinada con sinatura válida por un equipo multidisciplinar, conformado por Pereiro Arquitectos, S.L.P., Galaincontrol, S.L., Topag, S.L., e Noso Cooperativa.

Segundo. Ordenar a publicación do presente acordo no *Diario Oficial de Galicia* (o informe ambiental estratéxico foi publicado no *Diario Oficial de Galicia* número 241, do 17 de decembro de 2021, e corrección de erros no *Diario Oficial de Galicia* número 242, do 20 de decembro de 2021) e, posteriormente, remitir un exemplar do instrumento definitivamente aprobado en soporte dixital e debidamente dilixenciado á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático para a súa inscrición no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia. Recibido o certificado de inscrición, publicarase a normativa no *Boletín Oficial* da provincia de Pontevedra, de conformidade co disposto no artigo 82 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e 199 do seu regulamento da LSG (Real decreto 143/2016).

Terceiro. O contido íntegro do instrumento definitivamente aprobado estará dispoñible no seguinte enderezo electrónico [https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo\\_pxom2.php?lang=gal#/](https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo_pxom2.php?lang=gal#/) na epígrafe de Planeamento de Desenvolvemento aprobado, e no Portal de transparencia.



Cuarto. Remitir un exemplar da documentación aprobada definitivamente, debidamente diligenciada, aos correspondentes organismos da Administración estatal e autonómica, con competencias sectoriais na materia, en atención ás consideracións e/ou observacións realizadas nos nomeados informes sectoriais emitidos e que constan incorporados ao expediente de razón.

Quinto. Ante o presente acordo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous (2) meses, a partir do día seguinte ao da súa publicación, de acordo co artigo 46.1 da LRXCA, perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sen prexuízo do exercicio doutras accións legais que se consideren convenientes».

Ante a eventualidade de que puidesen existir interesados descoñecidos neste procedemento, se ignore o lugar de notificación ou ben, intentada esta, non se puidese efectuar, a publicación do presente anuncio servirá de notificación co alcance e finalidade previsto no artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sen prexuízo da preceptiva publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

Vigo, 7 de outubro de 2024

O alcalde  
P.D. (Resolución do 4.7.2023)  
María José Caride Estévez  
Concelleira delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda

